

Manual do Usuario do Nokia 5130 XpressMusic

DECLARACIÓN DE CONFORMIDADE

CE 0434

Pola presente, NOKIA CORPORATION afirma que este produto RM-495 cumpre cos requirimentos básicos e con outras condicións relevantes da Directiva 1999/5/CE. Pódese consultar unha copia da Declaración de conformidade na páxina http://www.nokia.com/phones/declaration_of_conformity/.

© 2008 Nokia. Todos os dereitos reservados.

Nokia, Nokia Connecting People e Navi son marcas comerciais ou marcas comerciais rexistradas de Nokia Corporation. Nokia tune é unha melodía rexistrada de Nokia Corporation. O resto de produtos e nomes de compañías mencionados neste documento poden ser marcas comerciais ou nomes comerciais dos seus respectivos propietarios.

A reprodución, transferencia, distribución ou almacenaxe de todo ou parte dos contidos deste documento, de calquera modo e sen o previo consentimento por escrito de Nokia está prohibido.

US Patent No 5818437 and other pending patents. T9 text input software Copyright © 1997-2008. Tegic Communications, Inc. All rights reserved.



Includes RSA BSAFE cryptographic or security protocol software from RSA Security.



Java and all Java-based marks are trademarks or registered trademarks of Sun Microsystems, Inc.

This product is licensed under the MPEG-4 Visual Patent Portfolio License (i) for personal and noncommercial use in connection with information which has been encoded in compliance with the MPEG-4 Visual Standard by a consumer engaged in a personal and noncommercial activity and (ii) for use in connection with MPEG-4 video provided by a licensed video provider. No license is granted or shall be implied for any other use. Additional information, including that related to promotional, internal, and commercial uses, may be obtained from MPEG LA, LLC. See <http://www.mpegla.com>.

Este produto está suxeito á Licenza da Carteira de Patentes do Estándar Visual MPEG-4 (i) para un uso persoal e non comercial ligado a información codificada de acordo co Estándar Visual MPEG-4 por parte dun consumidor ligado a actividades persoais e non comerciais e (ii) para o uso ligado ao formato de vídeo MPEG-4 fornecido por un fornecedor de vídeo con licenza. Non se outorgará nin se derivará ningunha licenza para ningunha outra utilización. Pode obterse información complementaria acerca dos usos internos, comerciais e relacionados coa promoción, así como das licenzas a través de MPEG LA, LLC. Consulte a páxina web <http://www.mpegla.com>.

Nokia opera cunha política de desenvolvemento continuo, e resérvase o dereito a efectuar modificacións e melloras en calquera dos produtos descritos neste documento sen previo aviso.

NÁ MÁXIMA MEDIDA PERMITIDA POLA LEXISLACIÓN APLICABLE, NIN NOKIA NIN NENGÚN DOS SEUS LICENZANTES SE RESPONSABILIZARÁ BAIXO NINGUNHA CIRCUNSTANCIA DA PERDA DE DATOS OU INGRESOS NIN DE NINGÚN DANO ESPECIAL, INCIDENTAL, CONSECUENTE (LUCRO CESANTE) INDIRECTO, INDEPENDENTEMENTE DA SÚA CAUSA.

OS CONTIDOS DESTE DOCUMENTO FÓRNECENSE "TAL CAL". SALVO QUE ASÍ O ESIXA A LEI APLICABLE, NON SE OFRECERÁ NINGÚN TIPO DE GARANTÍA, EXPRESA OU IMPLÍCITA, INCLUÍDA, PERO SEN LIMITARSE A ELA, A GARANTÍA IMPLÍCITA DE COMERCIABILIDADE E ADAPTACIÓN A UN PROPÓSITO CONCRETO CON RESPECTO Á EXACTITUDE, FIABILIDADE E CONTIDO DESTE DOCUMENTO EN CALQUERA MOMENTO SEN PREVIO AVISO. NOKIA RESÉRVASE O DEREITO DE REVISAR OU RETIRAR ESTE DOCUMENTO EN CALQUERA MOMENTO SEN PREVIO AVISO.

A dispoñibilidade de aplicacións, produtos e servizos concretos pode variar segundo a rexión xeográfica. Póñase en contacto co seu distribuidor Nokia para coñecer os detalles e a dispoñibilidade dalgúns idiomas.

Controis de exportación

Este dispositivo pode conter elementos, tecnoloxía ou software suxeitos á lexislación de exportación e ás normativas dos Estados Unidos e doutros países. Queda prohibida calquera alteración contraria ás disposicións da lexislación correspondente.

É posible que as aplicacións doutros fabricantes fornecidas co dispositivo foran creadas e sexan propiedade de persoas ou entidades non asociadas nin relacionadas con Nokia. Nokia non é propietaria dos dereitos de autor nin de propiedade intelectual das aplicacións de terceiras partes. Debido a esta razón, Nokia non se responsabilizará da asistencia técnica ó usuario, da funcionalidade das aplicacións nin da información contida nas aplicacións nin nos materiais. Nokia non ofrece ningunha garantía sobre as aplicacións de terceiras partes. MEDIANTE O USO DAS APLICACIÓNS, VOSTEDE ADMITE QUE AS APLICACIÓNS FORNÉCENSE "TAL CAL", SEN GARANTÍAS DE NINGÚN TIPO, TANTO EXPRESAS COMA IMPLÍCITAS, NA MÁXIMA MEDIDA PERMITIDA POLA LEXISLACIÓN APLICABLE. TAMÉN RECOÑECE QUE NIN NOKIA NIN AS SÚAS COMPAÑÍAS FILIAIS OFRECERÁN GARANTÍA NIN REPRESENTACIÓN ALGUNHA, EXPRESA OU IMPLÍCITA, INCLUÍDA, PERO SEN LIMITARSE A ELA, A GARANTÍA DE TÍTULO, DE CAPACIDADE COMERCIAL E ADAPTACIÓN A UN PROPÓSITO CONCRETO, NIN QUE AS APLICACIÓNS NON INFRINXAN AS PATENTES, DEREITOS DE AUTOR E MARCAS COMERCIAIS OU DEMAIS DEREITOS DE TERCEIRAS PARTES,.

AVISO DO INDUSTRY CANADA/FCC

É posible que o dispositivo provoque interferencias nos televisores ou aparatos de radio (por exemplo, se utiliza un teléfono preto dun equipo receptor). É posible que a FCC ou Industry Canada esíxanlle que deixe de utilizar o teléfono no caso de que non se poidan eliminar as mencionadas interferencias. Se necesita asistencia técnica, pónase en contacto co centro de servizo técnico local. Este dispositivo cumpre coa sección 15 do regulamento da FCC. O seu funcionamento está suxeito ás dúas condicións seguintes: (1) Este dispositivo non debe provocar interferencias perigosas e (2) este dispositivo debe aceptar as interferencias recibidas, incluídas as que provoquen un funcionamento non desexado. Calquera cambio ou modificación que non se aprobe de xeito expreso por Nokia podería anular a autorización do usuario para utilizar este equipo.

/Edición 2 GL

Índice

Seguridade.....6

1. Información xeral.....7

Verbo do dispositivo.....	7
Servizos de rede.....	7
Memoria compartida.....	8
Códigos de acceso.....	8
Nokia PC Suite.....	8
Asistencia técnica de Nokia.....	9

2. Primeiros pasos.....9

Instalar a tarxeta SIM e a batería.....	9
Extraer a tarxeta SIM.....	9
Inserir unha tarxeta microSD.....	10
Extraer a tarxeta microSD.....	10
Cargar a batería.....	10
Antena.....	11
Auriculares.....	11
Imáns e campos magnéticos.....	11
Teclas e pezas.....	12
Acender e apagar o teléfono.....	12
Modo de espera.....	13
Bloqueo do teclado.....	13
Funcións sen a tarxeta SIM.....	13
Aplicacións executándose en segundo plano.....	13

3. Chamadas.....14

Facer e responder unha chamada.....	14
Altofalante.....	14
Atallos de marcación.....	14

4. Escribir texto.....14

Modos de texto.....	14
Inserción de texto tradicional.....	15
Inserción de texto predictivo.....	15

5. Navegación polos menús.....15

6. Mensaxes.....15

Mensaxes de texto e mensaxes multimedia.....	16
--	----

Mensaxes de texto.....	16
Mensaxes multimedia.....	16
Crear unha mensaxe de texto ou multimedia.....	16
E-mail.....	17
Asistente de configuración e-mail.....	17
Escribir e enviar un e-mail.....	17
Descargar e-mail.....	17
Mensaxes flash.....	18
Mensaxes de audio Nokia Xpress.....	18
Mensaxería instantánea.....	18
Mensaxes de voz.....	18
Configuración da mensaxe.....	18

7. Contactos.....19

8. Rexistro de chamadas19

9. Configuración.....20

Perfis.....	20
Tons.....	20
Visualizador.....	20
Hora e data.....	20
Atallos.....	20
Sincronización e copia de seguridade.....	21
Conectividade.....	21
Tecnoloxía sen fíos Bluetooth.....	21
Paquetes de datos.....	22
Chamadas e teléfono.....	22
Comandos de voz e marcación por voz.....	23
Accesorios.....	23
Configuración.....	23
Restaurar axustes de fábrica.....	24

10. Menú operador.....24

11. Galería.....24

12. Medios.....25

Cámara e vídeo.....	25
---------------------	----

Radio FM.....	26
Gravadora de voz.....	26
Reprodutor de música.....	26

13. Aplicacións.....27

14. Planificador.....27

Alarma.....	27
Calendario e lista de tarefas.....	28

15. Web ou Internet28

Conexión cun servizo web.....	28
-------------------------------	----

16. Servizos SIM.....29

Accesorios.....30

Batería.....30

Información sobre a batería e o cargador.....	30
Instrucións de autenticación das baterías de Nokia.....	31
Holograma de autenticación.....	31
Qué debe facer se a batería non é auténtica?.....	32

Coidado e mantemento.....32

Reciclar.....	33
---------------	----

Información adicional de seguridade.....33

Nenos.....	33
Entorno operativo.....	33
Dispositivos médicos.....	34
Dispositivos médicos implantados.....	34
Audífonos.....	35
Vehículos.....	35
Zonas potencialmente explosivas.....	35
Chamadas de emerxencia.....	36
INFORMACIÓN DE CERTIFICACIÓN (SAR).....	36

Índice alfabético.....38

Seguridade

Lea estas instrucións simples. Non respectalas pode resultar perigoso ou ilegal. Lea a guía de usuario completa para obter máis información.



ACENDIDO SEGURO

Non acenda o dispositivo en zonas onde o uso de teléfonos inalámbricos estea prohibido ou cando poida provocar interferencias ou resulte perigoso.



A SEGURIDADE NA CONDUCCIÓN É O PRIMEIRO

Respecte a lexislación local. Manteña sempre as mans libres para controlar o vehículo durante a condución. A súa principal prioridade durante a condución deberá ser a seguridade vial.



INTERFERENCIAS

Tódolos dispositivos inalámbricos son susceptibles de recibir interferencias, o que pode afectar ó seu rendemento.



DESCONEXIÓN NAS ÁREAS RESTRINXIDAS

Respecte as restricións. Apague o dispositivo nos avións, preto de equipos médicos, combustibles, produtos químicos ou zonas volátiles.



SERVIZO CUALIFICADO

O produto só poderá ser instalado ou reparado por persoal cualificado.



ACCESORIOS E BATERÍAS

Utilice únicamente accesorios e baterías autorizados. Non conecte produtos non compatibles.



RESISTENCIA Á AUGA

O dispositivo non é resistente á auga. Mantéñao seco.

1. Información xeral

Verbo do dispositivo

A utilización do dispositivo sen fíos descrito nesta guía está aprobada en redes (E)GSM 850, 900, 1800, e 1900 MHz . Póñase en contacto co seu fornecedor de servizos para obter máis información acerca das redes.

Cando utilice as funcións deste dispositivo, respecte a lexislación e os costumes locais, a intimidade e os dereitos lexítimos das demais persoas, incluídos os dereitos de autor.

É posible que as leis de protección dos dereitos de autor non autoricen a copia, modificación ou transferencia dalgunhas imaxes, música e demais contido.

É posible que o dispositivo dispoña de favoritos e ligazóns de sitios web de terceiras partes preinstalados. Tamén é posible acceder a outros sitios web de terceiras partes mediante o dispositivo. Os sitios web de terceiras partes non teñen ningún tipo de relación con Nokia, polo que Nokia non asumirá ningunha responsabilidade correspondente a eles. Se decide acceder ós sitios mencionados, deberá tomar precaucións relacionadas coa seguridade ou cos contidos.



Aviso: Para utilizar as funcións deste dispositivo, a excepción do despertador, é necesario que se atope acendido. Non acenda o dispositivo en lugares nos que poida provocar interferencias ou poida supoñer un perigo.

Efectúe copias de seguridade ou manteña rexistros escritos da información importante almacenada no dispositivo.

Antes de efectuar a conexión a calquera outro dispositivo, lea a guía de usuario para obter instrucións detalladas de seguridade. Non conecte produtos non compatibles.

As imaxes amosadas nesta guía poden ser diferentes das que aparecen na pantalla do seu dispositivo.

Servizos de rede

Para utilizar o dispositivo, cómpre dispoñer dos servizos dun fornecedor de servizos sen fíos. Moitas das funcións do produto requiren dispoñer de funcións especiais de rede. Estas funcións non se atopan dispoñibles en todas as redes; é posible que para poder utilizar os servizos de rede noutras redes sexa necesario establecer acordos específicos co seu fornecedor de servizos. O uso de servizos de rede implica a transmisión de datos. Comprobe co seu fornecedor de servizos os detalles verbo de tarifas na súa rede propia ou durante a itinerancia noutras redes. Este pode facilitarlle instrucións e explicarlle os importes que lle serán cargados polo servizo. É posible que algunhas redes teñan limitacións que afecten ao modo en que pode utilizar os servizos de rede. Por exemplo, é posible que algunhas redes non admitan todos os caracteres e servizos dependentes dos idiomas.

É posible que o seu fornecedor de servizos ordenase a desactivación ou non activación de determinadas funcións no dispositivo. En tal caso, as mencionadas funcións non aparecerán no menú do dispositivo. Tamén é posible que o dispositivo dispoña dunha

Información xeral

configuración especial, como cambios nos nomes ou na orde dos menús, ou nas iconas. Póñase en contacto co seu fornecedor de servizos para obter máis información.

O dispositivo é compatible cos protocolos WAP 2.0 (HTTP e SSL) que se executan nos protocolos TCP/IP. Algunhas funcións deste dispositivo, como mensaxes multimedia (MMS), navegación e aplicación de correo electrónico requiren soporte da rede para estas tecnoloxías.

Memoria compartida

É posible que as seguintes funcións do dispositivo compartan memoria: mensaxes multimedia (MMS), aplicación de correo electrónico, mensaxería instantánea. A utilización dunha ou máis destas funcións pode reducir a memoria dispoñible para o resto de funcións que comparten a memoria. É posible que o dispositivo amose unha mensaxe na que se indique que a memoria está chea cando intenta utilizar unha función que comparta memoria. Neste caso, elimine información ou entradas almacenadas nas funcións con memoria compartida antes de continuar.

Códigos de acceso

O código de seguridade axuda a protexer o seu teléfono contra o uso non autorizado. O código preconfigurado é 12345. Pode crear e cambiar o código e configurar o teléfono para que solicite o código. Manteña o código secreto e nun lugar seguro separado do seu teléfono. Se esqueceu o código e o seu teléfono está bloqueado, o teléfono requirirá un servizo e poden aplicarse cargos adicionais. Para obter máis información, póñase en contacto co Nokia Care Point ou co distribuidor do teléfono.

O código PIN facilitado coa tarxeta SIM protexe a tarxeta contra o uso non autorizado. O código PIN2 facilitado con algunhas tarxetas SIM é necesario para acceder a determinados servizos. Se introduce o código PIN ou PIN2 incorrectamente tres veces seguidas, pediráselle o código PUK ou PUK2. Se non os ten, póñase en contacto co seu fornecedor de servizos.

O PIN do módulo é preciso para acceder á información do módulo de seguridade da tarxeta SIM. O PIN de sinatura pode ser necesario para a sinatura dixital. O contrasinal de restrición é preciso cando se usa o servizo de restrición de chamadas.

Para determinar o xeito no que o teléfono empregará os códigos de acceso e os axustes de seguridade, seleccione **Menú > Axustes > Seguridade**.

Nokia PC Suite

Pode descargar Nokia PC Suite e atopar información relacionada no sitio web de Nokia en www.nokia.com/support.

Asistencia técnica de Nokia

Consulte www.nokia.com/support ou o sitio web local de Nokia para obter a última versión desta guía, información adicional, descargas e servizos relacionados co seu produto Nokia.

Servizo de axustes da configuración

Descargue gratis axustes de configuración como MMS, GPRS, correo electrónico e outros servizos para o seu modelo de teléfono en www.nokia.com/support.

Servizos de Nokia Care

Se necesita poñerse en contacto cos servizos de Nokia Care, consulte a lista de centros locais de contacto para atención de Nokia Care en www.nokia.com/customerservice.



Mantemento

En relación cos servizos de mantemento, consulte o punto de atención de Nokia Care máis próximo en www.nokia.com/repair.

2. Primeiros pasos

Instalar a tarxeta SIM e a batería

Apague sempre o dispositivo e desconecte o cargador antes de extraer a batería.

A tarxeta SIM e os seus contactos poderían danarse facilmente se a tarxeta se raia ou se dobra, polo que debe ter coidado cando manipule, insira ou extraia a tarxeta.



1. Prema e desprace a tapa posterior cara á parte baixa do teléfono e retírea (1).
2. Extraia a batería (2).
3. Insira a tarxeta SIM no receptáculo coa superficie de contacto cara abaixo (3).
4. Insira a batería (4) e coloque de novo a tapa posterior (5).

Extraer a tarxeta SIM



Primeiros pasos

Prema o resorte de liberación (1) e desprace cara fóra a tarxeta SIM (2).

Inserir unha tarxeta microSD

Utilice unicamente o tarxetas microSD compatible autorizado por Nokia para utilizar co dispositivo. Nokia utiliza estándares da industria autorizados para as tarxetas de memoria, pero pode que algunhas marcas non sexan totalmente compatibles con este dispositivo. As tarxetas non compatibles poden producir danos na tarxeta e no dispositivo e danar os datos almacenados na tarxeta.

O seu teléfono é compatible con tarxetas microSD cunha capacidade máxima de 2 GB.



1. Abra a tapa da ranura da tarxeta de memoria.
2. Insira a tarxeta na ranura da tarxeta de memoria coa superficie de contacto cara arriba, e prema até que quede fixa no seu sitio.
3. Peche a tapa da ranura da tarxeta de memoria.

Extraer a tarxeta microSD



Importante: Non retire a tarxeta de memoria durante unha operación na que se estea accedendo á mesma, xa que, do contrario, poderíase danar a tarxeta de memoria, o dispositivo e os datos almacenados na tarxeta.

Pode extraer ou colocar de novo a tarxeta de memoria co teléfono aceso sen necesidade de apagalo.

1. Comprobe que ningunha aplicación está a acceder á tarxeta de memoria.
2. Abra a tapa da ranura da tarxeta de memoria.
3. Prema lixeiramente a tarxeta de memoria para libérala e retírea.
4. Peche a tapa da ranura da tarxeta de memoria.

Cargar a batería

A batería xa vén cargada, pero os niveis de carga poden variar.

1. Conecte o cargador á toma da parede.
2. Conecte o cargador ao dispositivo. Pode empregar o dispositivo mentres se está a cargar.
3. Cando estea cargada a batería, desconecte primeiro o cargador do dispositivo e logo da toma da parede.



Se a batería está completamente descargada, é posible que teña que esperar varios minutos para poder efectuar chamadas e para poder visualizar o indicador de carga na pantalla.

Antena

É posible que o dispositivo dispoña de antenas internas e externas. Igual que noutros dispositivos de transmisión de radio, evite tocar a zona da antena innecesariamente mentres se atope transmitindo ou recibindo. O contacto coa antena afecta á calidade da comunicación, pode causar que o dispositivo necesite un nivel superior de potencia para funcionar e pode reducir a duración da batería.



A figura mostra a zona da antena en gris.

Auriculares



Aviso: Escoite música a un volume moderado. A exposición continua a niveis elevados de volume pode danar a súa capacidade auditiva. Non suxeite o dispositivo preto do seu oído co altofalante activado, xa que o son podería emitirse a un nivel de volume extremadamente elevado.



Aviso: Cando utilice os auriculares, é posible que a súa capacidade para escoitar sons do exterior se vexa afectada. Non utilice os auriculares en situacións nas que se poida poñer en risco a súa seguridade.

Cando conecte un dispositivo externo ou uns auriculares distintos dos autorizados por Nokia para utilízalos con este dispositivo ó conector AV de Nokia, preste atención especial ó nivel do volume.


Non conecte produtos que poidan emitir sinais de saída, xa que poderían producirse danos no dispositivo. Non conecte ningunha fonte de tensión ó conector AV de Nokia.

Imáns e campos magnéticos


Manteña o dispositivo lonxe de imáns ou campos magnéticos, xa que poderían provocar que aplicacións como a cámara se activasen de xeito inesperado.

Teclas e pezas

1	Enganche para cordón de pulso
2	Tecla de música (rebobinar)
3	Tecla de música (reproducir/pausa)
4	Tecla de música (avance rápido)
5	Tecla de selección esquerda
6	Tecla de chamada
7	Teclado
8	Auricular
9	Pantalla
10	Tecla Navi™ denominada en diante tecla de desprazamento
11	Tecla de selección dereita
12	Tecla de fin/acendido
13	Micrófono



14	Tecla de baixar volume
15	Tecla de subir volume
16	Rañura da tarxeta de memoria
17	Conector do auricular/Conector Nokia AV (3,5 mm)
18	Conector do cargador
19	Conector Micro USB
20	Obxectivo da cámara
21	Altofalante




Acender e apagar o teléfono

Para acender e apagar o teléfono, manteña premida a tecla de acendido.

Modo de espera

Cando o teléfono está listo para ser usado, e aínda non inseriu ningún carácter, o teléfono está en modo de espera.

1	Intensidade do sinal de rede	
2	Nivel de carga da batería	
3	Nome da rede ou logo do operador	
4	Funcións das teclas de selección	

A tecla esquerda de selección es **Ir a** para que vexa as funcións na súa lista de detalles personal. Cando vexa a lista, seleccione **Opcións** > **Seleccionar opcións** para ver as funcións dispoñibles, ou seleccione **Opcións** > **Organizar** para organizar as funcións da súa lista de atallos.

Bloqueo do teclado

Para non premer as teclas de xeito accidental, seleccione **Menú** e prema * nun espazo de 3,5 segundos para bloquear o teclado.

Para desbloquear o teclado, seleccione **Desbloq.** e prema * nun espazo de 1,5 segundos. Se a protección do teclado está activada, insira o código de seguridade cando se lle solicite.

Para que o teclado se bloquee automaticamente logo dun tempo especificado cando o teléfono estea no modo de espera, seleccione **Menú** > **Axustes** > **Teléfono** > **Bloq. teclado autom.** > **Activado**.

Para responder unha chamada cando o teclado estea bloqueado, prema a tecla de chamada. Cando remate ou rexeite a chamada, o teclado bloquearase automaticamente.

Se o dispositivo ou o teclado se atopan bloqueados, será posible efectuar chamadas ó número de emerxencia oficial programado no dispositivo.

Funcións sen a tarxeta SIM

Algunhas funcións do seu teléfono poden usarse sen insertar unha tarxeta SIM, tales como funcións do Organizador ou xogos. Algunhas funcións aparecen atenuadas nos menús e non se poden usar.

Aplicacións executándose en segundo plano

Deixar aplicacións executándose en segundo plano aumenta o consumo de enerxía e reduce a duración da batería.

3. Chamadas

Facer e responder unha chamada

Para facer unha chamada, introduza o número de teléfono, incluíndo o prefixo do país e o da zona, se fose necesario, e prema a tecla de chamada. Para axustar o volume dos auriculares durante a chamada de teléfono, prema as teclas de volume.

Para responder a unha chamada entrante, prema a tecla de chamada. Para rexeitar a chamada sen responder, prema a tecla de fin.

Altofalante

Se está dispoñible, pode seleccionar **Altofalan.** ou **Teléfono** para usar o altofalante ou os auriculares do teléfono durante a chamada.



Aviso: Non suxeite o dispositivo preto do seu oído co altofalante activado, xa que o son podería emitirse a un nivel de volume extremadamente elevado.

Atallos de marcación

Para asignar un número de teléfono á unha das teclas numéricas, de 2 a 9, seleccione **Menú > Guía > Marcac. rápidas**, desprácese ata un número desexado e seleccione **Asignar**. Insira o número de teléfono desexado ou seleccione **Buscar** e garde o contacto.

Para activar a función de marcación rápida, seleccione **Menú > Axustes > Chamadas > Marcación rápida > Activado**.

Para facer unha chamada usando a marcación rápida, no modo de espera, manteña premida a tecla do número que desexe.

4. Escribir texto

Modos de texto

Para inserir un texto (por exemplo, ao escribir unha mensaxe) pode utilizar a inserción de texto tradicional ou predictiva.

Cando escribe texto, seleccione e manteña premido **Opcións** para cambiar entre inserción de texto tradicional, indicado por , e a entrada de texto predictivo, indicada por . O texto predictivo non funciona con tódalas linguas.

Os cadros de carácter están indicados por , , e .

Para cambiar o cadro de carácter, prema **#**. Para cambiar do modo texto ao modo numérico, indicado por , prema e manteña premido **#**, e seleccione **Modo numérico**. Para cambiar do modo número ao modo letra, prema a manteña premido **#**.

Para definir o idioma de escritura, seleccione **Opcións > Idioma de escritura**.

Inserción de texto tradicional

Prema unha tecla numérica, do 2 ao 9, de xeito repetido ata que apareza o carácter desexado. Os caracteres dispoñibles dependen da lingua de escritura elixida.

Se a seguinte letra que desexa escribir está na mesma tecla que a actual, espere ata que apareza o cursor e escriba a letra.

Para acceder aos signos de puntuación e caracteres especiais máis habituais, prema **1** repetidamente. Para acceder a lista de carácter especiais, prema *****.

Inserción de texto predictivo

A inserción de texto predictivo basease nun dicionario incorporado ao que pode engadir novas palabras.

1. Comece a escribir unha palabra usando as teclas **2 a 9**. Premas cada tecla só unha vez para cada letra.
2. Para confirmar unha palabra, desprácese á dereita e engada un espazo.
 - Se a palabra non é correcta, prema ***** varias veces e seleccione a palabra da lista.
 - Se se amosa o carácter **?** despois da palabra, a palabra que pretende escribir non se atopa no dicionario. Para engadir a palabra ao dicionario, seleccione **Escribir** insira a palabra usando a inserción de texto tradicional e seleccione **Gardar**.
 - Para escribir palabras compostas, insira a primeira parte da palabra, e desprácese á dereita para confirmala. Escriba a última parte da palabra, e confírmela.
3. Comece a escribir a seguinte palabra.

5. Navegación polos menús

As funcións do teléfono agrúpanse en menús. Aquí non se describen todas as opcións ou funcións dos menús.

No modo de espera, seleccione **Menú** e o menú e submenú que desexe. Seleccione **Saír** ou **Atrás** para saír do actual nivel do menú. Premas a tecla de fin para volver directamente ao modo en espera. Para cambiar a vista de menú, seleccione **Menú > Opcións > Vista menú ppal.**

6. Mensaxes

Cree e reciba mensaxes, como mensaxes de texto e mensaxes multimedia. Os servizos de mensaxería só se poden usar se a súa rede ou o seu fornecedor de servizos os admite.

Mensaxes de texto e mensaxes multimedia

Pode crear unha mensaxe e incluso adxuntar, por exemplo, unha imaxe. O seu teléfono converte automaticamente unha mensaxe de texto nunha mensaxe multimedia cando adxunta un ficheiro.

Mensaxes de texto

O dispositivo admite mensaxes de texto de lonxitude superior ó límite para as mensaxes simples. As mensaxes que superan ese límite envíanse coma dúas ou máis mensaxes. O seu fornecedor de servizos aplicará unha tarifa correspondente ó número de mensaxes enviadas. Os caracteres con acentos e outros signos de puntuación, e os caracteres correspondentes a determinados idiomas ocupan máis espazo e limitan o número de caracteres que é posible enviar nunha mensaxe.

Un indicador na parte superior da pantalla mostra o número total de caracteres restantes e o número de mensaxes necesarias para o envío.

Antes de poder enviar unha mensaxe de texto ou correo SMS, deberá gardar o número do centro de mensaxes. Selecciona **Menú > Mensaxes > Axustes mensaxe > Mensaxes de texto > Centros de mensaxes > Engadir centro**, escriba un nome e o número do provedor do servizo.

Mensaxes multimedia

Unha mensaxe multimedia pode conter texto, imaxes e sons ou videoclip.

Só os dispositivos que dispoñen de funcións compatibles poden recibir e visualizar mensaxes multimedia. É posible que a aparencia das mensaxes varíe en función do dispositivo de recepción.

É posible que a rede sen fíos limite o tamaño das mensaxes MMS. Se a imaxe inserida excede este límite, o dispositivo pode reduci-la para que se poida enviar por MMS.



Importante: Teña precaución ó abrir as mensaxes, xa que é posible que conteñan software nocivo ou daniño para o dispositivo ou o ordenador.

Para verificar a dispoñibilidade e subscribirse ao servizo de envío de mensaxes multimedia (MMS), pónase en contacto co seu fornecedor de servizos. Tamén pode descargar as opcións de configuración. [Vexa "Asistencia técnica de Nokia", p. 9.](#)

Crear unha mensaxe de texto ou multimedia

1. Selecciona **Menú > Mensaxes > Crear mensaxe > Mensaxe**.
2. Para engadir destinatarios, desprácese ata o campo **Para**; e escriba o número do destinatario ou o e-mail, ou seccione **Engadir** para seleccionar destinatarios das opcións dispoñibles. Selecciona **Opcións** para engadir destinatarios e asunto e para establecer as opcións de envío.
3. Desprácese ata o campo **Texto**; e escriba a mensaxe de texto.

4. Para achegar un arquivo á mensaxe, desprácese ata a barra de engadidos na parte inferior da pantalla e seleccione o tipo de contidos desexados.
5. Para enviar unha mensaxe, prema **Enviar**.

O tipo de mensaxe indícase na parte superior da pantalla e cambia automaticamente dependendo do contido da mensaxe.

Os provedores de servizos poden facturar de forma diferente dependendo do tipo de mensaxe. Comprobe co seu provedor para máis detalles.

E-mail

Acceda á súa conta de correo POP3 ou IMAP4 co seu teléfono para ler, escribir e enviar e-mails. Esta aplicación de correo é diferente da función e-mail SMS.

Antes de poder usar o e-mail, debe ter unha conta de correo e os axustes correctos. Para comprobar a dispoñibilidade e os axustes da súa conta de correo, poñase en contacto co provedor do servizo de correo electrónico. Pode recibir os axustes de configuración de e-mail como unha mensaxe de configuración.

Asistente de configuración e-mail

O asistente de configuración de e-mail execútase automaticamente se non se define unha configuración no teléfono. Para executar o asistente de configuración para unha conta de e-mail adicional, seleccione **Menú > Mensaxes** e a conta de e-mail existente. Seleccione **Opcións > Engadir caixa correo** para executar o asistente de configuración de e-mail. Siga as directrices que aparecen na pantalla.

Escribir e enviar un e-mail

Para escribir un e-mail, seleccione **Menú > Mensaxes > Crear mensaxe > Mensaxe de correo**. Para achegar un arquivo a un e-mail, seleccione **Opcións > Inserir**. Para enviar o e-mail, prema a tecla de chamada. Seleccione a conta desexada de ser necesario.

Descargar e-mail



Importante: Teña precaución ó abrir as mensaxes, xa que é posible que conteñan software nocivo ou daniño para o dispositivo ou o ordenador.

Para seleccionar o modo de recuperación, seleccione **Menú > Mensaxes > Axustes mensaxe > Mensaxes de correo > Edit. caixas correo** e a caixa de correo que desexe, e **Descargando axust. > Modo recuperación**.

Para descargar correo electrónico, seleccione **Menú > Mensaxes** e a caixa de correo que desexe; confirme a solicitude de conexión se fose necesario.

Mensaxes flash

As mensaxes flash son mensaxes de texto que se visualizan de xeito instantáneo no momento da recepción.

1. Para escribir unha mensaxe flash, seleccione **Menú > Mensaxes > Crear mensaxe > Mensaxe Flash**.
2. Insira o número de teléfono do destinatario, escriba a mensaxe (máximo 70 caracteres) e seleccione **Enviar**.

Mensaxes de audio Nokia Xpress

Crear e enviar unha mensaxe de audio mediante MMS nunha forma conveniente.

1. Seleccione **Menú > Mensaxes > Crear mensaxe > Mensaxe de audio**. Abrirase a gravadora.
2. Grave a mensaxe.
3. Escriba uno ou máis números de teléfono no campo **Para:**, ou seleccione **Engadir** para extraer o número.
4. Para enviar unha mensaxe, seleccione **Enviar**.

Mensaxería instantánea

Grazas á mensaxería instantánea (IM, servizo de rede) pode enviar mensaxes de texto curtas a usuarios en liña. Debe subscribirse a un servizo e rexistrarse no servizo IM que desexa usar. Póñase en contacto co seu provedor de servizos para obter máis información sobre a dispoñibilidade de este servizo, prezos e instrucións. Os menús poden variar dependendo do provedor de IM.

Para conectar co servizo, seleccione **Menú > Mensaxes > MI** e siga as instrucións na pantalla.

Mensaxes de voz

A caixa de correo vocal é un servizo de rede ao que pode necesitar subscribirse. Para obter máis información, póñase en contacto co seu provedor de servizos.

Para chamar á súa mensaxería vocal, prema e manteña premido **1**.

Para chamar ao seu número de caixa de correo vocal, seleccione **Menú > Mensaxes > Mensaxes de voz > Nº. caixa correo voz**.

Configuración da mensaxe

Selecione **Menú > Mensaxes > Axustes mensaxe** para configurar as características das mensaxes.

- **Axustes xerais** — para configurar o seu teléfono para gardar as mensaxes enviadas, permitir sobrescribir mensaxes antigas se a memoria para mensaxes está chea e configurar outras preferencias relacionadas coas mensaxes.
- **Mensaxes de texto** — para activar informes de entrega, configurar centros de mensaxes para SMS e SMS e-mail, seleccionar o tipo de admisión de caracteres e configurar outras preferencias relacionadas coas mensaxes de texto
- **Mens. multim.** — para activar informes de entrega, configurar a aparencia das mensaxes multimedia, permitir a recepción de mensaxes multimedia e anuncios e configurar outras preferencias relacionadas coas mensaxes multimedia
- **Mensaxes de correo** — para permitir a recepción de correo electrónico, para axustar o tamaño da imaxe nun correo electrónico e para configurar outras preferencias relacionadas co correo electrónico

7. Contactos

Selecione **Menú > Guía**.

Pode gardar os nomes e números de teléfono na memoria do teléfono ou na tarxeta SIM. Na memoria do teléfono pode gardar contactos con números e elementos de texto. Os nomes e números gardados na memoria da tarxeta SIM indícanse por medio de .

Para engadir un contacto, seleccione **Nomes > Opcións > Engad. novo contac..** Para engadir información a un contacto, asegúrese de que a memoria que se está a utilizar estea en **Teléfono** ou **Teléfono e SIM**. Seleccione **Nomes**, desprácese ata o nome e seleccione **Detalles > Opcións > Engadir detalle**.

Para buscar un contacto, seleccione **Nomes**, e desprácese pola lista de contactos ou insira as primeiras letras do nome.

Para copiar contactos entre a memoria do teléfono e da tarxeta SIM, seleccione **Nomes**, desprácese ata o contacto que desexe e seleccione **Opcións > Copiar contacto**. Na memoria da tarxeta SIM, só pode gardar un número de teléfono de cada vez.

Para seleccionar a memoria do teléfono ou a da tarxeta SIM, seleccione o xeito no que desexe que se amosen os nomes e os números nos contactos e para ver a capacidade de memoria destes, seleccione **Axustes**.

Pode enviar e recibir información de contacto de calquera persoa como unha tarxeta de visita dun dispositivo compatible con vCard estándar. Para enviar unha tarxeta de visita, seleccione **Nomes**, busque o contacto cuxa información desexe enviar e seleccione **Detalles > Opcións > Enviar tarxeta visita**.

8. Rexistro de chamadas

Para ver información das súas chamadas, mensaxes, datos e sincronización, seleccione **Menú > Rexistro** e das opcións dispoñibles.



Nota: É posible que a factura das chamadas e servizos do seu fornecedor de servizos varie, dependendo das funcións de rede, do redondeo da facturación, dos impostos, etc.

9. Configuración

Perfís

O seu teléfono ten varios grupos de configuracións chamados perfís, que poden personalizarse con tons de chamada para diferentes eventos e ambientes.

Selecione **Menú > Axustes > Perfís**, o perfil desexado e unha das seguintes opcións:

- **Activar** — para activar o perfil seleccionado
- **Personalizar** — para cambiar as opcións do perfil
- **Temporizado** — para configurar un perfil que estea activo durante un certo tempo. Cando acaba o tempo establecido para o perfil, actívase o perfil anterior que non caducou.

Tons

É posible cambiar a configuración de ton do perfil activo seleccionado.

Selecione **Menú > Axustes > Tons**. Pode atopar os mesmos axustes no menú **Perfís**.

Se selecciona o nivel de ton de chamada máis elevado, este alcanzará o seu nivel máis alto despois de varios segundos.

Visualizador

Para ver ou axustar o fondo de pantalla, o tamaño de letra ou outras características relacionadas coa pantalla do teléfono, seleccione **Menú > Axustes > Pantalla**.

Hora e data

Selecione **Menú > Axustes > Data e hora**.

Para axustar a data e a hora, seleccione **Axustes data e hora**.

Para axustar os formatos da data e da hora, seleccione **Formato data e hora**.

Para actualizar a hora e a data automaticamente segundo a actual zona horaria, seleccione **Actualización autom.** (servizo de rede).

Atallos

Grazas aos atallos persoais, pode acceder rapidamente ás funcións que emprega con máis frecuencia. Seleccione **Menú > Axustes > Os meus acc. dir.**

Para asignar unha función do teléfono á tecla de selección dereita ou esquerda, seleccione **Tecla selec. dereita** ou **Tecla selección esq.**.

Para seleccionar funcións para a tecla de desprazamento, seleccione **Tecla de navegación**. Desprácese na dirección desexada e seleccione **Cambiar** ou **Asignar** e unha función da lista.

Sincronización e copia de seguridade

Selecione **Menú > Axustes > Sinc. e copia seg.** e das seguintes opcións:

- **Intercambio tlf.** — Sincronice ou copie os datos seleccionados entre o seu teléfono e outro teléfono usando tecnoloxía Bluetooth.
- **Crear copia seg.** — Cree unha copia de seguranza dos datos seleccionados na tarxeta de memoria ou nun dispositivo externo.
- **Recup copia seg.** — Seleccione un ficheiro de seguranza gardado na tarxeta de memoria ou nun dispositivo externo e restáureo no teléfono. Seleccione **Opcións > Detalles** para obter información acerca do ficheiro de seguranza seleccionado.
- **Transfer. datos** — Sincronice ou copie os datos seleccionados entre o seu teléfono e outro dispositivo, PC ou servidor de rede (servizo de rede).

Conectividade

O teléfono ten algunhas funcións que lle permiten conectarse a outros dispositivos para transmitir e recibir datos.

Tecnoloxía sen fíos Bluetooth

A tecnoloxía Bluetooth permítelle conectar o seu teléfono mediante ondas de radio a un teléfono compatible con Bluetooth nunha distancia de 10 metros.

O dispositivo é compatible coa especificación Bluetooth 2.0 + EDR que admite os seguintes perfís: acceso xenérico, mans libres, auricular, transferencia de obxectos, transferencia de ficheiros, redes de marcación telefónica, porto de serie, acceso á SIM, intercambio xenérico de obxectos, distribución avanzada de son, control remoto de son e vídeo e distribución xenérica de son e vídeo. Para asegurar a interoperabilidade con outros dispositivos que dispoñan de tecnoloxía Bluetooth, utilice accesorios Nokia homologados para este modelo. Póñase en contacto cos fabricantes dos outros dispositivos para obter información sobre a compatibilidade con este dispositivo.

As funcións que utilizan a tecnoloxía Bluetooth aumentan o consumo de enerxía e reducen a duración da batería.

Configurar unha conexión Bluetooth

Selecione **Menú > Axustes > Conectividade > Bluetooth** e siga os seguintes pasos:

1. Seleccione **Nome do meu tlf.** e escriba un nome para o seu teléfono.
2. Para activar a conectividade Bluetooth, seleccione **Bluetooth > Activado**.  indica que o Bluetooth está activo.

Configuración

3. Para conectar o seu teléfono cun accesorio de audio, seleccione **Buscar acces. audio** e o dispositivo que desexa conectar.
4. Para vincular o seu teléfono con calquera dispositivo Bluetooth próximo, seleccione **Disposit. vinculados > Engadir novo disp..**

Desprácese ata un dispositivo atopado e seleccione **Engadir**.

Escriba o contrasinal (ata 16 caracteres) no seu teléfono e active a conexión noutro dispositivo Bluetooth.

Se ten dúbidas sobre a seguridade, desactive a función Bluetooth ou configure **Visibilid. do meu tlf.** como **Oculto**. Acepte comunicacións Bluetooth só daqueles nos que vostede confía.

Conexión PC a internet

Use a tecnoloxía Bluetooth para conectar o seu PC compatible a internet sen o software PC Suite. O seu teléfono debe ter activado un provedor de servizos que admita acceso a internet e o seu PC ten que admitir rede de área persoal (PAN). Despois da conexión ao servizo de punto de acceso da rede (NAP) do teléfono e sincronizar co seu PC, o teléfono abre unha conexión de paquete de datos a internet de forma automática.

Paquetes de datos

O servizo xeral de paquetes de radio (GPRS) é un servizo de rede que permite aos teléfonos móbiles enviar e recibir datos pola rede baseándose no protocolo IP de internet.

Para definir cómo empregar o servizo, seleccione **Menú > Axustes > Conectividade > Paquetes de datos > Conex. paq. datos** e escolle entre as seguintes opcións:

- **Se cómpre** — para establecer a conexión de paquetes de datos cando unha aplicación o necesite. Cando a aplicación remata, péchase a conexión.
- **Sempre en liña** — para conectarse automaticamente a unha rede de paquetes de datos ao acender o teléfono

Pode usar o teléfono como un módem conectándoo a un ordenador compatible mediante a tecnoloxía Bluetooth. Para obter máis detalles, consulte a documentación de Nokia PC Suite.

Chamadas e teléfono

Selecione **Menú > Axustes > Chamadas**.

Para desviar as chamadas entrantes, seleccione **Desvío de chamada** (servizo de rede). Para máis información, póñase en contacto co provedor do servizo.

Para facer dez intentos de conexión da chamada logo dun intento sen éxito, seleccione **Rechamada autom. > Activado**.

Para que a rede lle notifique unha chamada entrante mentres está mantendo unha chamada, seleccione **Chamada en espera > Activar** (servizo de rede).

Para amosar o seu número de teléfono á persoa que está chamando, seleccione **Envío do n.º propio** (servizo de rede).

Para establecer o idioma de visualización do teléfono, seleccione **Menú > Axustes > Teléfono > Axustes de idioma > Idioma do teléfono**.

Comandos de voz e marcación por voz

Utilice o teléfono mediante comandos de voz e faga unha chamada dicindo un nome gardado na Guía.

Os comandos de voz e a marcación por voz dependen do idioma. O recoñecemento de voz non é compatible con todos os idiomas. Para ver os idiomas compatibles, seleccione **Menú > Axustes > Teléfono > Axustes de idioma > Idioma recoñece..** Para establecer o idioma de recoñecemento, seleccione o idioma desexado.



Nota: A utilización de etiquetas de voz pode resultar difícil en contornos con ruído ou durante unha emerxencia, polo tanto, non debe confiar unicamente no marcado por voz en tódalas circunstancias.

Para habituar o recoñecemento de voz do teléfono á súa voz, seleccione **Menú > Axustes > Teléfono > Recoñecemento voz > Práctica recoñec. voz**.

Para activar un comando de voz para unha función, seleccione **Menú > Axustes > Teléfono > Recoñecemento voz > Ordes por voz**, a característica e a función.  indica que o comando de voz está activado.

Para activar o comando de voz, seleccione **Engadir**. Para reproducir o comando de voz activado, seleccione **Reprod..**

Para administrar os comandos de voz, desprácese á función e seleccione **Opcións**.

Para usar os comandos de voz ou a marcación por voz no modo de espera, manteña premida a tecla de selección dereita. Despois dun ton breve, aparecerá **Fale agora**. Diga o comando ou o nome do contacto ao que quere chamar. Se o recoñecemento de voz tivo éxito, aparecerá unha lista de correspondencias propostas. O teléfono reproduce o comando de voz do primeiro resultado da lista. De non ser o comando correcto, desprácese a outra entrada.

Accesorios

Amosarase este menú e as súas diversas opcións só se o teléfono está conectado ou se conectou cun accesorio de móbil compatible.

Selecione **Menú > Axustes > Accesorios**. Seleccione un accesorio e unha opción dependendo do accesorio.

Configuración

Pode configurar o teléfono con axustes que se precisan para determinados servizos. O seu provedor do servizo pode tamén enviarlle estes axustes.

Menú operador

Seleccione **Menú > Axustes > Configuración** e das seguintes opcións:

- **Axust. conf. pred.** — para ver os provedores do servizo gardados no teléfono e axustar un provedor do servizo por defecto
- **Act. pred. todas aplic.** — para activar a configuración por defecto para as aplicacións admitidas
- **Pto. acceso prefer.** — para ver os puntos de acceso gardados.
- **Conectar con asist.** — para descargar a configuración do seu provedor do servizo
- **Axustes xestor disp.** — para permitir e prevenir o teléfono recibir actualizacións de software. Tal vez non estea dispoñible esta opción, dependendo do seu teléfono.
- **Axust. config. pers.** — para engadir manualmente novas contas persoais para varios servizos e para activalas ou borrarlas. Para engadir unha nova conta persoal, seleccione **Engadir** ou **Opcións > Engadir novo**. Seleccione o tipo de servizo y insira os parámetros precisos. Para activar unha conta persoal, desprácese ata ela e seleccione **Opcións > Activar**.

Restaurar axustes de fábrica

Para restaurar o teléfono ás condicións de fábrica, seleccione **Menú > Axustes > Recu. axus. pred.** e das seguintes opcións:

- **Recuperar só axustes** — para reiniciar a configuración sen eliminar información persoal
- **Recuperar todo** — para reiniciar todas as preferencias de configuración e eliminar toda información persoal tal como contactos, mensaxes, arquivos multimedia e códigos de activación.

10. Menú operador

Acceda a un portal de servizos fornecidos polo seu operador de rede. Se desexa coñecer máis información, póñase en contacto co seu operador de rede. O operador pode actualizar este menú cunha mensaxe de servizo.

11. Galería

O teléfono admite un sistema de xestión de dereitos dixitais (DRM) para protexer o contido que se adquira. Comprobe sempre as condicións de envío de calquera contido e a tecla de activación antes de adquirilos, xa que poderían cobrarlle unha tarifa por eles.

Xestión dos dereitos dixitais

É posible que os propietarios de contidos utilicen diferentes tipos de tecnoloxías de xestión de dereitos dixitais (DRM) para protexer a súa propiedade intelectual, incluídos os dereitos de autor. Este dispositivo utiliza varios tipos de software DRM para acceder a contido protexido mediante DRM. Con este dispositivo é posible acceder a contido protexido con WMDRM 10, OMA DRM 1.0, OMA DRM 1.0 forward lock e OMA DRM 2.0. Se un determinado software DRM non protexe o contido, é posible que os propietarios do

contido soliciten que se anule a capacidade do mencionado software de acceder a novos contidos protexidos mediante DRM. Esta anulación pode tamén impedir a renovación do contido protexido que xa se atope no dispositivo, mediante DRM. Esta anulación non afectará ao uso de contido protexido con outros tipos de DRM ou ao uso de contido non protexido mediante DRM.

Os contidos protexidos mediante xestión dos dereitos dixitais (DRM) subministranse cunha clave de activación asociada que define os seus dereitos para utilizar o contido.

Se o seu dispositivo dispón de contido protexido mediante OMA DRM, para facer unha copia de seguridade das claves de activación e do contido, utilice a función de copia de seguridade de Nokia PC Suite. É posible que outros métodos de transferencia non transfiran as claves de activación que é necesario recuperar co contido para que poida continuar utilizando o contido protexido mediante OMA DRM despois de formatar a memoria do dispositivo. Tamén é posible que necesite recuperar as claves de activación en caso de que se danen os ficheiros do dispositivo.

Se o dispositivo dispón de contido protexido mediante WMDRM, as claves de activación e o contido perderanse se formata a memoria do dispositivo. Tamén é posible que perda as claves de activación e o contido se se danan os ficheiros do dispositivo. A perda das claves de activación ou do contido pode limitar a súa capacidade para utilizar o mesmo contido no seu dispositivo de novo. Para obter máis información, póñase en contacto co seu fornecedor de servizos.

Para ver os cartafoles, seleccione **Menú** > **Galería**.

12. Medios

Cámara e vídeo

O dispositivo admite unha resolución de captura de imaxes de 1.600 x 1.200 píxeles.

Capturar unha imaxe

Para usar a función de imaxe fixa, seleccione **Menú** > **Multimedia** > **Cámara**, ou se a función de vídeo está activada, desprácese á esquerda ou á dereita. Para capturar unha imaxe, seleccione **Capturar**.

Para achegar ou afastar no modo cámara, desprácese arriba ou abaixo.

Para activar o disparador automático ou capturar imaxes sucesivas rapidamente, seleccione **Opcións** e a opción que desexe.

Para axustar o modo de vista previa e a hora, seleccione **Opcións** > **Axustes** > **Hora vista prev. imx.**

Gravar un videoclip

Para usar a función de vídeo, seleccione **Menú** > **Multimedia** > **Vídeo**. Para comezar a gravación de vídeo, seleccione **Gravar**.

Pode gravar utilizando unha calidade de vídeo inferior para obter un maior tempo de gravación. Para cambiar os axustes da calidade e axustar a duración máxima do

Medios

videoclip, seleccione **Menú > Multimedia > Cámara > Opcións > Axustes > Calidade de videoclip**, ou **Duración videoclip**.

Radio FM

A radio FM utiliza unha antena distinta da antena sen fíos do dispositivo. Para que a radio FM funcione correctamente, cómpre dispoñer duns auriculares ou un accesorio compatibles conectado ó dispositivo.



Aviso: Escolle música a un volume moderado. A exposición continua a niveis elevados de volume pode danar a súa capacidade auditiva. Non suxeite o dispositivo preto do seu oído co altafalante activado, xa que o son podería emitirse a un nivel de volume extremadamente elevado.

Selecione **Menú > Multimedia > Radio** ou, no modo de espera, manteña premida *.

Se xa ten emisoras de radio gardadas, desprácese arriba ou abaixo para cambiar entre elas ou prema a tecla de número correspondente para localizar a emisora desexada na memoria.

Para buscar unha emisora próxima, manteña premida a tecla de desprazamento cara á esquerda ou cara á dereita.

Para gardar a emisora que sintonizou, seleccione **Opcións > Gardar emisora**.

Para axustar o volume, prema as teclas de volume.

Para escoitar a radio en segundo plano, prema a tecla de fin. Para pechar a radio, manteña premida a tecla de fin.

Gravadora de voz

Para comezar a gravación, seleccione **Menú > Multimedia > Gravadora** e o botón de gravación virtual da pantalla.

Para escoitar a última gravación, seleccione **Opcións > Reprod. último grav..** Para enviar a última gravación usando unha mensaxe multimedia, seleccione **Opcións > Enviar últ. gravado**.

Reprodutor de música

O teléfono inclúe un reprodutor de música para escoitar cancións ou outros ficheiros de son MP3 ou AAC.



Aviso: Escolle música a un volume moderado. A exposición continua a niveis elevados de volume pode danar a súa capacidade auditiva. Non suxeite o dispositivo preto do seu oído co altafalante activado, xa que o son podería emitirse a un nivel de volume extremadamente elevado.

Selecione **Menú > Multimedia > Reprod. música.**

Utilice o reprodutor de música coas teclas do reprodutor de música ou coas teclas virtuais da pantalla.

Para comezar a reprodución ou para facer unha pausa, prema **▶||**.

Para ir ao comezo da canción actual, prema **◀◀**.

Para ir á canción anterior, prema **◀◀** dúas veces.

Para ir á seguinte canción, prema **▶▶**.

Para rebobinar a canción actual, manteña premida **◀◀**.

Para avanzar rapidamente na canción actual, manteña premida **▶▶**.

Para axustar o volume, prema as teclas de volume.

Para poñer o reprodutor de música no modo silencio ou para anular este modo, prema **#**.

Para deixar que o reprodutor de música funcione en segundo plano, prema a tecla de fin. Para pechar o reprodutor de música, manteña premida a tecla de fin.

13. Aplicacións

O software do seu teléfono pode incluír algúns xogos e aplicacións Java deseñadas especificamente para este teléfono Nokia.

Selecione **Menú > Aplicacións.**

Para executar un xogo ou aplicación, seleccione **Xogos** ou **Colección**. Desprácese ata un xogo ou aplicación e seleccione **Abrir**.

Para ver a cantidade de memoria dispoñible para instalar xogos e aplicacións, seleccione **Opcións > Estado da memoria**.

Para descargar un xogo ou aplicación, seleccione **Opcións > Descargas > Xogos descargados** ou **Descargas aplic.**. O teléfono admite aplicacións Java J2ME™. Comprobe que a aplicación sexa compatible co teléfono antes de descargala.



Importante: Só instale e utilice aplicacións e outro software procedente de fontes de confianza, como como aplicacións Symbian Signed ou que teñan pasado a proba Java Verified™.

As aplicacións descargadas pódense gardar en **Galería** en lugar de **Aplicacións**.

14. Planificador

Alarma

Selecione **Menú > Organizador > Despertador**.

Web ou Internet

Para activar ou desactivar a alarma, seleccione **Alarma:**. Para axustar a hora da alarma, seleccione **Hora de alarma:**. Para configurar o teléfono de modo que soe os días seleccionados da semana, seleccione **Repetir:**. Para seleccionar ou personalizar o ton de alarma, seleccione **Ton de alarma:**. Para axustar o tempo de repetición da alarma, seleccione **Tempo máx. esp. rep.:**.

Para apagar a alarma, seleccione **Deter**. Se deixa que a alarma do teléfono siga soando durante un minuto ou selecciona **Repetir**, a alarma se detén durante o tempo de repetición, logo se retoma.

Calendario e lista de tarefas

Selecione **Menú > Organizador > Axenda**. O día actual está marcado cun recadro. Se se estableceu algunha nota para o día, este aparece en negra.

Para poñer unha nota na axenda, desprácese ata unha data e seleccione **Opcións > Facer unha nota**.

Para ver as notas do día, seleccione **Ver**. Para eliminar todas as notas da axenda, seleccione **Opcións > Borrar notas > Borrar todas notas**.

Para ver a lista de tarefas, seleccione **Menú > Organizador > Lista de tarefas**. Aparece a lista de tarefas ordenada por prioridade. Para engadir, eliminar ou enviar unha nota, para marcar a nota como realizada ou para ordenar a lista de tarefas por data límite, seleccione **Opcións**.

15. Web ou Internet

Pode acceder a varios servizos de Internet co navegador do seu teléfono. A presentación das páxinas web pode variar segundo o tamaño da pantalla. Pode que non vexa todos os detalles das páxinas web.

Dependendo do teléfono, é posible que a función de navegación web apareza no menú como Web ou Internet, denominada en diante Web.



Importante: Utilice só servizos fiables e que ofrezan seguridade e protección axeitada contra software daniño.

Para coñecer a dispoñibilidade destes servizos, os prezos e as instrucións, póñase en contacto co seu fornecedor de servizos.

Pode recibir os parámetros de configuración necesarios para navegar como unha mensaxe de configuración do seu fornecedor de servizos.

Conexión cun servizo web

Para conectarse ao servizo, seleccione **Menú > Web > Inicio**; ou, no modo de espera, manteña premida a tecla **0**.

Logo de conectarse ao servizo, pode comezar a navegar polas súas páxinas. A función das teclas do teléfono pode variar segundo o servizo. Siga as guías de texto da pantalla do teléfono. Para obter máis información, póñase en contacto co seu fornecedor de servizos.

16. Servizos SIM

A súa tarxeta SIM pode fornecerlle servizos adicionais. Pode acceder a este menu só se o admite a súa tarxeta SIM. O nome e os contidos do menú dependen dos servizos dispoñibles.

Accesorios



Aviso: Utilice unicamente baterías, cargadores e accesorios autorizados por Nokia para o seu uso con este modelo en particular. A utilización doutros tipos pode invalidar a autorización de uso e a garantía e resultar perigoso.

Para obter información sobre a dispoñibilidade de accesorios autorizados, póñase en contacto co seu distribuidor. Para desconectar o cable de alimentación dos accesorios, tire da caravilla, non do cable.

Batería

Información sobre a batería e o cargador

O dispositivo funciona cunha batería recargable. A batería deseñada para utilizarse co dispositivo é a BL-5C. O dispositivo está deseñado para utilizarse cos seguintes cargadores: AC-3. A batería pode cargarse e descargarse centos de veces, pero finalmente, desgástase. Cando a duración da batería no modo de espera e durante as conversas telefónicas se reduza considerablemente, substitúaa. Utilice unicamente baterías autorizadas por Nokia e recárgueas unicamente con cargadores autorizados por Nokia deseñados para utilizarse con este dispositivo. A utilización dunha batería ou cargador non homologados pode implicar un risco de incendio, explosión, fuga ou outros perigos.

O número exacto do modelo do cargador pode variar dependendo do tipo de enchufe. O tipo de enchufe pode ser un dos seguintes: E, EB, X, AR, U, A, C ou UB.

Se utiliza unha batería por primeira vez ou se esta non se utiliza dende hai moito tempo, é posible que sexa necesario conectar o cargador, desconectalo e volvelo conectar para comezar a cargar a batería. Se a batería está completamente descargada, é posible que teña que esperar varios minutos para poder efectuar chamadas e para poder visualizar o indicador de carga na pantalla.

Apague sempre o dispositivo e desconecte o cargador antes de extraer a batería.

Desconecte o cargador da toma de corrente e do dispositivo cando non o utilice. Non deixe unha batería completamente cargada conectada a un cargador, xa que o exceso de carga pode reducir a súa vida útil. Se non se utilizan, as baterías cargadas perden a súa carga co paso do tempo.

Intente manter sempre a batería a unha temperatura comprendida entre os 15°C e os 25°C. A exposición da batería a temperaturas extremas reduce a capacidade e a vida útil da mesma. É posible que o dispositivo non funcione temporalmente se a batería está fría ou quente. O rendemento da batería é especialmente limitado a temperaturas situadas por debaixo de 0°C.

Non provoque un cortocircuíto na batería. É posible que se produzan cortocircuitos accidentais se un obxecto metálico, coma unha moeda, un clip ou un bolígrafo provoca un contacto directo dos terminais positivo (+) e negativo (-) da batería. (Os terminais

teñen o aspecto de tiras metálicas na batería). Isto pode ocorrer, por exemplo, cando transporta unha batería de reposto no peto ou no bolso. Os cortocircuitos nos terminais poden danar a batería ou o obxecto que realiza o contacto.

Non bote as baterías ó lume, xa que poderían explotar. As baterías tamén poden explotar se están danadas. Respecte as normativas locais no momento de desfacerse das baterías. Recicle as baterías cando sexa posible. Non as deposite en lugares destinados ós residuos domésticos.

Non desmonte, corte, abra, esmague, dobre, deforme, perfore nin triture as pilas nin as baterías. No caso de que se produzan fugas na batería, evite que o líquido entre en contacto coa pel ou os ollos. No caso de que se produza a mencionada fuga, lave inmediatamente a pel ou os ollos con auga ou solicite asistencia médica.

Non modifique, reconstrúa nin intente inserir obxectos estraños na batería, nin a expoña ou somerxa en auga ou outros líquidos.

O uso non axeitado da batería pode provocar un incendio, unha explosión e outros perigos. Se deixa caer o dispositivo ou a batería, especialmente sobre unha superficie dura, e cree que a batería puido quedar danada, envíe a un centro de servizo técnico para revisala antes de continuar utilizándoa.

Utilice a batería unicamente para o uso para o que foi deseñada. Nunca utilice cargadores nin baterías danadas. Manteña a batería fóra do alcance dos nenos.

Instrucións de autenticación das baterías de Nokia

Utilice sempre baterías orixinais de Nokia pola súa seguridade. Para asegurarse de que está a mercar unha batería orixinal de Nokia, mérquea nun distribuidor autorizado de Nokia, e leve a cabo os seguintes pasos para comprobar se presenta a etiqueta co holograma:

A correcta realización dos pasos indicados non garante totalmente a autenticidade da batería. Se ten razóns para pensar que a batería non é unha batería auténtica e orixinal de Nokia, non a utilice e envíe a un distribuidor ou ó centro de servizo técnico máis próximo de Nokia para recibir asistencia. O distribuidor ou o centro de servizo técnico autorizado de Nokia inspeccionará a batería para determinar a súa autenticidade. En caso de que non sexa posible, devolva a batería ó establecemento de compra.

Holograma de autenticación

1. Cando mire ó holograma situado na etiqueta, deberá ver o símbolo no que se unen as mans de Nokia dende un ángulo e o logotipo de accesorios orixinais de Nokia se o mira dende o outro ángulo.



Coidado e mantemento

- Se inclina o holograma cara á esquerda, dereita, abaixo e arriba, debería ver 1, 2, 3 e 4 puntos en cada lado respectivamente.



Qué debe facer se a batería non é auténtica?

Se non pode confirmar se a batería co holograma na etiqueta é unha batería Nokia auténtica, non a utilice. Envíe a distribuidor ou o centro de servizo técnico de Nokia máis próximo para obter asistencia técnica. A utilización dunha batería non autorizada polo fabricante pode resultar perigosa, provocar un rendemento deficiente e danar o dispositivo e os seus accesorios. Tamén pode invalidar a autorización de uso e a garantía do dispositivo.

Para obter máis información acerca das baterías orixinais de Nokia, visite a páxina web www.nokia.com/battery.

Coidado e mantemento

O dispositivo é un produto que dispón dun deseño e artesanía superiores e debe ser tratado con coidado. As seguintes suxestións axudaránlle a conservar a cobertura da garantía.

- Manteña o dispositivo seco. As precipitacións, a humidade e todos os tipos de líquidos poden conter minerais que produzan a corrosión dos circuitos electrónicos. Se o dispositivo entra en contacto coa auga, retire a batería e agarde a que o dispositivo se seque completamente antes de volver a colocala.
- Utilice un pano seco, suave e limpo para limpar os obxectivos da cámara, do sensor de proximidade e do sensor de luz.
- Non utilice nin almacene o dispositivo en lugares sucios e poeirentos, xa que poderían producirse danos nas súas pezas móbiles e nos compoñentes electrónicos.
- Non garde o dispositivo en lugares cálidos. As temperaturas elevadas poden reducir a vida útil dos dispositivos electrónicos, danar as baterías e deformar ou derreter determinados plásticos.
- Non garde o dispositivo en lugares fríos. Cando o dispositivo regrese á súa temperatura normal, é posible que se forme humidade no interior do mesmo e que se produzan danos nas placas dos circuitos electrónicos.
- Non intente abrir o dispositivo dun xeito distinto ao indicado nesta guía.
- Non deixe caer, golpee nin axite o dispositivo. Un manexo brusco pode producir a rotura das placas dos circuitos e do mecanismo interno.
- Non utilice produtos químicos agresivos, disolventes de limpeza nin deterxentes concentrados para limpar o dispositivo.

- Non pinte o dispositivo. A pintura pode atascar as pezas móbiles e impedir o funcionamento axeitado.
- Utilice unicamente a antena de reposto fornecida ou unha autorizada polo fabricante. A utilización de antenas, modificacións ou accesorios non autorizados pode danar o dispositivo e infrinxir a lexislación que regula o uso de dispositivos de radio.
- Utilice os cargadores en lugares interiores.
- Cree sempre unha copia de seguridade dos datos que desexe manter, coma os contactos e as notas do calendario.
- Para reiniciar o dispositivo de vez en cando para obter un rendemento óptimo, apágueo e retire a batería.

Estas suxestións aplícanse igualmente ao dispositivo, á batería, ao cargador ou a calquera accesorio. Se o dispositivo non funciona correctamente, envíeo ao centro de servizo técnico autorizado máis próximo.

Reciclar

Devolva sempre os seus produtos electrónicos usados, baterías e materiais de embalaxe a un punto de recollida establecido. Deste xeito axudará a evitar a eliminación incontrolada de residuos e a promover a reciclaxe de materiais. Se desexa obter información detallada, pónase en contacto co fornecedor do produto, coa autoridade local na materia, con organizacións de produción responsable a nivel nacional ou co seu representante local de Nokia. Obteña información acerca de como reciclar os seus produtos Nokia na páxina web www.nokia.com/werecycle ou navegando mediante un dispositivo móbil na páxina web www.nokia.mobi/werecycle.



O símbolo do contedor con rodas riscado cun "x" no produto, a batería, as instrucións ou a embalaxe lémbrañlle que todos os produtos eléctricos e electrónicos, as baterías e os acumuladores se deben refugar por separado ao final da súa vida útil. Este requisito aplícase na Unión Europea. Non se desfaga deste produto do mesmo xeito que dos residuos domésticos normais. Para obter máis información sobre o medioambiente, consulte a Declaración ecolóxica do produto na páxina web www.nokia.com/environment.

Información adicional de seguridade

Nenos

É posible que o dispositivo e os seus accesorios conteñan pezas pequenas. Mantéñaos fóra do alcance dos nenos.

Entorno operativo

O dispositivo cumpre coas directrices de exposición a radiofrecuencia cando se emprega na posición normal de uso no oído ou cando se coloca polo menos a 2,2 centímetros

Información adicional de seguridade

(7/8 polg.) do corpo. Se se utiliza unha funda de transporte, unha pinza para o cinto ou un soporte para utilizar o produto pegado ó corpo, estes non deberán conter ningunha peza de metal e deberá colocar o dispositivo á distancia indicada anteriormente.

Para transmitir ficheiros de datos ou mensaxes, o dispositivo require unha conexión de calidade á rede. Nalgúns casos, a transmisión de ficheiros de datos ou mensaxes pode retrasarse ata que estea dispoñible a conexión. Asegúrese de respectar as instrucións sobre a distancia de separación indicadas anteriormente ata completar a transmisión.

Existen partes do dispositivo que son magnéticas. É posible que os materiais metálicos sexan atraídos polo dispositivo. Non coloque tarxetas de crédito nin outros soportes de almacenaxe magnéticos preto do dispositivo, xa que é posible que se elimine a información almacenada neles.

Dispositivos médicos

A utilización de calquera equipo de transmisión por radio, incluídos os teléfonos inalámbricos, pode producir interferencias no funcionamento de dispositivos médicos incorrectamente protexidos. Póñase en contacto cun médico ou co fabricante do dispositivo para determinar se se atopa axeitadamente protexido da enerxía de radiofrecuencia externa ou se desexa efectuar algunha pregunta. Apague o dispositivo en centros de atención médica cando así o esixan as normativas de mesmo. É posible que os hospitais ou os centros de atención médica utilicen equipos que poidan resultar sensibles á enerxía de radiofrecuencia externa.

Dispositivos médicos implantados

Os fabricantes de dispositivos médicos recomendan manter unha separación mínima de 15,3 centímetros entre o dispositivo inalámbrico e os dispositivos médicos implantados, coma os marcapasos ou os desfibriladores cardioversores implantados, para evitar posibles interferencias co dispositivo médico. As persoas que dispoñan dos mencionados dispositivos deberán:

- Manter sempre o dispositivo inalámbrico a unha distancia de 15,3 centímetros do dispositivo médico cando o dispositivo inalámbrico se atope acendido.
- Non transportar o dispositivo inalámbrico no peto da camisa.
- Utilizar o dispositivo inalámbrico no oído situado no lado contrario ó dispositivo médico para minimizar as posibles interferencias.
- Apagar o dispositivo inalámbrico inmediatamente se sospeita que se producen interferencias.
- Lea e respecte as instrucións do fabricante do dispositivo médico implantado.

Se dispón dalgunha pregunta acerca da utilización do dispositivo inalámbrico cun dispositivo médico implantado, póñase en contacto co seu médico.

Audífonos

É posible que algúns dispositivos inalámbricos dixitais creen interferencias nalgúns audífonos. En tal caso, póñase en contacto co seu fornecedor de servizos.

Vehículos

Os sinais de radiofrecuencia poden afectar ós sistemas electrónicos incorrectamente instalados ou protexidos dos vehículos, por exemplo, os sistemas de inxección de combustible, os sistemas de ABS, os sistemas de control de velocidade electrónicos e os sistemas de airbag. Para obter máis información, póñase en contacto co fabricante, ou un representante deste, do vehículo ou dos equipos instalados no mesmo.

O dispositivo só deberá ser reparado ou instalado nun vehículo por parte de persoal cualificado. Unha instalación ou reparación defectuosa pode resultar perigosa e pode invalidar a garantía do dispositivo. Comprobe regularmente que todos os dispositivos inalámbricos do vehículo funcionen e estean montados correctamente. Non almacene nin transporte líquidos inflamables, gases ou materiais explosivos no mesmo compartimento que o dispositivo, os seus compoñentes ou dispositivos. Nos vehículos equipados con airbag, recorde que estes despréganse con gran forza. Non coloque obxectos, incluídos os equipos inalámbricos instalados ou portátiles, sobre o airbag ou na zona onde se desprega o airbag. Se o equipo inalámbrico do vehículo se instala incorrectamente e o airbag se desprega, é posible que se produzan lesións graves.

Prohíbese o uso do seu dispositivo a bordo dunha aeronave. Apague o dispositivo antes de embarcar nun voo. O uso de teledispositivos inalámbricos nunha aeronave pode resultar perigoso para o funcionamento do avión, interferir coa rede telefónica inalámbrica e pode ser ilegal.

Zonas potencialmente explosivas

Apague o dispositivo en áreas onde poidan producirse explosións e obedeza tódolos sinais e instrucións. As zonas con potencial explosivo son aquelas nas que normalmente se recomenda que apague o motor do vehículo. As chispas nestas áreas poden orixinar explosións ou incendios e provocar danos persoais ou incluso a morte. Apague o dispositivo nas gasoleiras, por exemplo, preto dos surtidores de combustible das estacións de servizo. Respecte as restricións no uso de equipos de radio nos depósitos de combustible, áreas de almacenaxe e distribución, plantas químicas e onde se realicen explosións. Con frecuencia as zonas onde se poden producir explosións están claramente indicadas, pero non sempre. Entre elas inclúense as áreas baixo cuberta dos barcos, instalacións de almacenaxe e transporte de produtos químicos, e zonas onde o aire conteña elementos químicos ou partículas coma gran, po ou partículas metálicas. Póñase en contacto cos fabricantes dos vehículos que utilicen gas de petróleo licuado (como propano ou butano) para determinar se o dispositivo se pode utilizar con seguridade preto deles.

Chamadas de emerxencia



Importante: Este dispositivo funciona con sinais de radio, redes inalámbricas, redes terrestres e funcións programadas polo usuario. Se o dispositivo admite chamadas de voz a través da Internet (chamadas de Internet), active as chamadas de Internet e o teléfono móbil. O dispositivo intentará efectuar as chamadas de emerxencia a través das redes móbiles e do fornecedor de chamadas de Internet se se atopan activadas ámbolos dous. Non se pode garantir que a conexión funcione en tódalas condicións. Nunca dependa unicamente dun dispositivo móbil para efectuar comunicacións importantes, coma urxencias médicas.

Para efectuar chamadas de emerxencia, faga o seguinte:

1. Se o dispositivo está apagado, acéndao. Comprobe que a intensidade do sinal é axeitada. En función do dispositivo, é posible que tamén necesite realizar o seguinte:
 - Insira unha tarxeta SIM se o dispositivo a utiliza
 - Elimine as restricións das chamadas que estean activadas no dispositivo.
 - Cambie o perfil Desconectado ou Voo a un perfil activo.
2. Prema a tecla Finalizar as veces necesarias para borrar a pantalla e preparar o dispositivo para chamadas.
3. Insira o número de emerxencia da localidade na que se atope. Os números de emerxencia poden variar en cada localidade.
4. Prema a tecla Chamar.

Cando realice unha chamada de emerxencia, facilite toda a información necesaria do xeito máis preciso posible. É posible que o seu dispositivo inalámbrico sexa o único medio de comunicación na escena dun accidente. Non finalice a chamada ata que reciba permiso para facelo.

INFORMACIÓN DE CERTIFICACIÓN (SAR)

Este dispositivo móbil cumpre coas directrices de exposición ás ondas de radio.

O dispositivo móbil é un transmisor e receptor de radio. Está deseñado para non sobrepasar os límites de exposición ás ondas de radiofrecuencia recomendadas polas directrices internacionais. O organismo científico independente ICNIRP desenvolveu estas directrices, que inclúen marxes de seguridade deseñados para garantir a protección de tódalas persoas, independentemente da idade e da saúde.

As directrices de exposición para os dispositivos móbiles empregan unha unidade de medición coñecida como o Índice de Absorción Específico ou SAR. O límite de SAR exposto nas directrices de ICNIRP é de 2,0 watts/quilogramo calculado en aproximadamente 10 gramos de tecido. As probas para SAR lévanse a cabo utilizando posicións de funcionamento estándar co dispositivo transmitindo no seu nivel de enerxía máis alto en tódalas bandas de frecuencia probadas. O nivel de SAR real dun dispositivo en funcionamento pode estar por debaixo do valor máximo debido a que o

dispositivo está deseñado para empregar só a enerxía xusta para conectarse coa rede. A cantidade cambia dependendo dun gran número de factores, como a que distancia se atopa dunha estación base de rede. O valor de SAR máis alto admitido segundo as directrices de ICNIRP para utilizar o dispositivo pegado á orella é de 1,16 W/kg .

O uso de accesorios e melloras do dispositivo pode provocar a aparición de diferentes valores de SAR. Os valores de SAR poden variar dependendo das necesidades de información e probas nacionais e da banda de rede. Se desexa obter información de SAR adicional, consulte a sección de información do produto da páxina web www.nokia.com.

Índice alfabético

A

- accesorios 23
- aplicacións 27
- atallos 20
- auriculares 11
- axustes 20
 - pantalla 20
 - tons 20

B

- batería
 - carga 10
- bloqueo do teclado 13

C

- chamadas 14
- código de acceso 8
- código de seguridade 8
- comandos de voz 23
- configuración 23
 - configuración 23
 - data 20
 - hora 20
 - mensaxes 18
 - teléfono 22
- configuracións
 - fábrica 24
- contrasinal 8

E

- e-mail 17
- escribir texto 14

I

- IM 18
- inserción de texto predictivo 15
- inserción de texto tradicional 15
- internet 28

M

- marcación por voz 23
- marcación rápida 14

- mensaxería instantánea 18
- mensaxes

- configuración 18
 - mensaxes de audio 18
- mensaxes de audio 18
- mensaxes flash 18
- menú operador 24
- modo fóra de liña 13
- modo numérico 14
- modos de texto 14

N

- navegador 28
- Nokia Care 9
- Nokia PC Suite 8
- número do centro de mensaxes 16

O

- organizador 27

P

- pantalla 20
- perfis 20
- pezas 12
- PIN 8
- protección do teclado 13

R

- recoñecemento de voz 23
- rexistro de chamadas 19

T

- tarxeta de memoria 10
- tarxeta microSD 10
- Tarxeta SIM 9
- tarxeta SIM 13
- teclas 12
- tons 20

V

- voice recorder 26

W

web 28

X

xogos 27